



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 1647/2009 DE 30 DE DECEMBRO.

---Contrato: OBRAS DE "REPARACIÓN E REFORMA DO EDIFICIO DO ALBERGUE TURÍSTICO HÍPICO DE SABUCEDO".

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 30 DE DECEMBRO DE 2009

-Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de REPARACIÓN E REFORMA DO EDIFICIO DO ALBERGUE TURÍSTICO HÍPICO DE SABUCEDO cun prezo base de licitación de 88.030,01€.

-Visto que, dentro de prazo, so presentou solicitude de participación CONTRATAS Y CUBIERTAS ESTRADA, S.L. (21-12-2009).

- Visto que, fóra de prazo, presentaron proposición as seguintes empresas convidadas: REQUEIJO Y MONTAÑA, S.L. (15-12-2009), e, ASCENSORES ENOR, S.A. (16-12-2009).

- Visto que, CONTRATAS Y CUBIERTAS ESTRADA, S.L. foi requirido en data 22.12.09 RS 11252 para que subsanase a documentación da súa plica, en aplicación do disposto na Cláusula XII das do Prego das Administrativas Particulares reitor desta licitación. CONTRATAS Y CUBIERTAS ESTRADA, S.L. achegou en data 23-12-2009, RXE nº 019274 a documentación subsanada que se lle interesou (Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de data 03.07.09, acreditativa da non pendencia de ingreso ningunha reclamación por débedas vencidas coa Seguridade Social; Acreditación da solvencia económica mediante informe do Banco Pastor, S.A. de data 23.12.09 (oficina da Estrada); Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar e de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; Declaración responsable relativa á solvencia técnica, por remisión aos expedientes obrantes no Arquivo Municipal relativos aos contratos de obra dos que resultou contratista-adxudicatario, nos últimos cinco anos). Procedeuse á apertura do Sobre B (Oferta Económica) que excede do Prezo base de licitación (90.578,72€).

- Vista por unha parte a inminencia da finalización do exercicio económico e pola outra a necesidade urxente de que as obras que se pretenden realizar no Albergue turístico de Sabucedo se acometan e finalicen dentro do primeiro trimestre do ano 2010, e analizando xa que logo os prexuízos que suporía para o Concello da Estrada reiniciar o procedemento que tería de facerse ao longo do ano 2010 unha vez se incorporasen os remanentes procedentes da liquidación do exercicio económico 2009, sen garantías da posibilidade de apertura do albergue antes da Semana Santa (1ª semana de abril) e mesmo antes da vindeira Rapa das Bestas, procédese á admisión e apertura das ofertas dos outros dous licitadores: REQUEIJO Y MONTAÑA, S.L., e, ASCENSORES ENOR, S.A..

-Vista a documentación administrativa (Sobre A) presentada por ASCENSORES ENOR, S.A. compróbase que non ten capacidade suficiente para ser admitida a súa oferta ao non estar incluída a realización de obras no seu obxecto social.

Vista a documentación administrativa (Sobre A) presentada por REQUEIJO Y MONTAÑA, S.L. compróbase que a mesma é a requirida nos pregos e a súa presentación é correcta ,

-Vista a oferta realizada polo licitador REQUEIJO Y MONTAÑA, S.L. por debaixo do Prezo base de licitación.

-Visto o informe da Intervención municipal de data 30-XII-09 emitindo reparo suspensivo.

- Visto o Decreto nº 1640/2009 de data 30 de decembro, levantando expresamente o reparo formulado.

-Vista a competencia desta Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 7.2 do Decreto 1627/97, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía de data 21 de xuño de 2007 e visto o disposto no artigo 14 da Lei 30/92 no relativo á avocación de competencias.

ACORDO:

1º.- Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

2º.- Declarar a inadmisión da proposición achegada pola mercantil ASCENSORES ENOR, S.A. por falta de capacidade.

3º.-Declarar a inadmisión da proposición achegada pola mercantil CONTRATAS Y CUBIERTAS ESTRADA, S.L. por exceder do Prezo base de licitación.

4º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de REPARACIÓN E REFORMA DO EDIFICIO DO ALBERGUE TURÍSTICO HÍPICO DE SABUCEDO por importe de 84.130,00 euros, a REQUEIJO Y MONTAÑA, S.L., con arranxo ós Pregos e á súa oferta.

5º- A adxudicación provisoria queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

---xustificación acreditativa de estar ó corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

----informe da Tesourería municipal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.

---certificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe/s correspondentes, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

---xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

6º.- Notifíquese o presente Acordo ós licitadores e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

A Estrada 30 de decembro de 2009.

O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.